



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS DEFENDE A CAMPAÑA CONSTRUCTIVA QUE ESTÁ A REALIZAR O BNG E RETA A PP E PSOE A QUE POÑAN ENRIBA DA MESA PROPOSTAS E SOLUCIÓNS PARA OS PROBLEMAS DE OURENSE, NON PARA O RESTO DO ESTADO

O candidato e Francisco García salientan a boa acollida do traballo realizado até o de agora que confirman "o noso optimismo" e demostran a necesidade de que Ourense conte en Madrid cun representante nacioanlista

Ourense, 8 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso, Iago Tabarés, defendeu hoxe unha campaña constructiva, de ilusión, con propostas serias e racionais que poña enriba da mesa as problemáticas e solucións de Galiza e de Ourense e convidou ao PP e ao PSOE a que participen neste mesmo sentido, pois asegurou que a xente é o que está demandando, "abonda xa de debatir aquí os problemas de outros, aquí non se presentan Rajoy o Zapatero -aínda que é o que semella á vista da publicidade- senón que escollemos representantes para que defendan os nosos intereses".

Durante unha rolda de prensa de avaliación deste período pre-eleitoral, Tabarés valorou a receptividade e boa acollida que o BNG está percibindo na súa interlocución ccs cidadáns e cos distintos sectores sociais cos que mantivo encontros, polo que amosou a súa confianza e esperanza en poder condicionar a política do Estado e que Ourense por fin teña unha voz nacionalista no Congreso.

Neste sentido, insistiu en que neste proceso o que ten que estar presente na primeira liña de acción, e niso é no que se está volcando o BNG, "é que Galiza e Ourense é posíbel e para demostrar, para evidenciar que é un proxecto de futuro e un proxecto viabel temos que ser quen de condicionar no noso beneficio e proveito as políticas do Estado" e para iso, engadiu, é necesaria a presenza dun deputado nacionalista nas Cortes.

Tabarés lamentou as mensaxes "catastrofistas", "apocalípticas" e "agoreiras" que se están trasladando, sobre España, a familia, a economía, etc e pediu que se centre o debate en Galiza e nas súas necesidades, mais con propostas realistas, non con demagoxias ou "mercachifeos".

Neste sentido, referiuse, por exemplo ao voto emigrante, demandando un posicionamento serio por parte do PP e o PSOE para reformar a Lei e que se

poida regular definitivamente o voto dos residentes ausentes en profundidade, fronte ao espectáculo destes días, que non é novo, por outra parte, das acusacións cruzadas de manipulación. Ou o caso do leite, reclamou que se pule realmente polo incremento non lineal da cota en vez de lanzar anuncios como o do reparto gratuito, que non é novidoso e só trata de confundir.

O candidato nacionalista insistiu en que a seguinte lexislatura é singularmente importante para Galiza e lembrou que nestes últimos catro anos, de confrontación "dura" e "estéril", se Galiza e Ourense puideron estar presentes foi grazas á presenza do BNG "que agora cómpre reforzar para traballar aínda máis no noso beneficio".

Máis de 250 actos

Pola súa parte, o coordinador provincial da campaña, Francisco García, fixo un balance moi positivo do traballo realizado até o de agora e afirmou que a resposta ao mesmo confirma "o noso optimismo e aspiración de acadar un deputado por Ourense".

García explicou que a interlocución mantida cos diferentes sectores sociais e colectivos, tanto para explicar as propostas do BNG como recoller as súas inquedanzas, demostra "a creciente necesidade de que Galiza conte e decida en Madrid".

Ante este escenario, anunciou que se seguirá traballando na mesma liña na próxima fase, xa de campaña, tentando chegar "casa a casa" e a todos os sectores "coa mesma convicción".

Francisco García afirmou que se vai facer un esforzo importante, con máis de 250 actos, nos que haberá unha presenza importante do Portavoz Nacional nas principais localidades (Verín, Carballiño, Celanova, O Barvo, Ribadavia) e no acto principal en Ourense, o día 4, así como do conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal.